

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE AGOSTO DO 2022.****Sesión 12/2022-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>Na Casa do Concello de Sada, sendo as 20.00 horas do día xoves 25 de agosto do 2022, baixo a presidencia do sr. Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación (hai unha vacante de concelleiro/a polo BNG), co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	---

ORDE DO DÍA:

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA (SESIÓN 11/2022).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación asistentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 11/2022, do 28 de xullo; non habendo intervencións por parte dos concelleiros asistentes.

A continuación a secretaria expresa que existe un erro no título da acta, que en lugar do 27 debe figurar o día 28 e que na sesión incluíronse pola voceira do PP unhas correccións á acta do 26.05.2022 que unha vez comprobadas por secretaria advertiuse un erro ao confundirse as votacións pola concelleira coas de comisión informativa, de forma que debe eliminarse a dita corrección realizada no punto 1 da sesión do 28.07.2022, téndose por non posta.



Recoñecidas as precisións polos presentes, apróbase por unanimidade dos presentes a devandita acta coas correccións sinaladas, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- APROBACIÓN DO CALENDARIO LABORAL DO ANO 2023.

A secretaría procede a dar lectura á proposta dicindo:

<<A inclusión no Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2023 as datas seguintes: o 21 de febreiro (martes de Entroido) e o mércores 16 de agosto (festividade de San Roque)>>.

Procédese á votación, dándose o seguinte resultado.

- Votos a favor: 16 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha

Resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros asistentes o seguinte **ACORDO**:

A inclusión no Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2023 as datas seguintes: o 21 de febreiro (martes de Entroido) e o mércores 16 de agosto (festividade de san Roque).

3º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A.- Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 21 de xullo (núm. 1055) ata o 19 de agosto do 2022 (núm.1266).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 21 de xullo (núm. 1055, do expediente 2022/G003/001135) ata o 19 de agosto de 2022 (núm. 1266, do expediente 2022/G003/001320), que foron postas de manifesto á secretaría da Corporación.

B.- Mocións.

Non se presenta ningunha moción.

C.- Rogos e preguntas.

1º) Abre a quenda de rogos e preguntas o sr. Blanco Montero (PSOE), cunha pregunta sobre o proxecto da cidade deportiva de Mondego.

Responde a sra. Nogueada Marzoa dicindo que, como xa se comentou en sesións anteriores, ao quedar deserta a licitación, púxose sobre a mesa a posibilidade de realizar un proceso negociado, contando con varios informes, entre eles de actualización dos prezos. Di tamén que hay que facer unha actualización do crédito.

Intervén o sr. alcalde, comentando a posibilidade de esgotar a vía do procedemento negociado.

A sra Nogueada Marzoa (AV) a raíz da pregunta do señor Blanco Montero (PSOE), pregunta ao sr Alcalde se ten confirmación de algunha empresa sobre se vai realizar o o devandito proxecto sen variar os cartos e sen alterar o proxecto.

Responde o sr. alcalde que non ten confirmación de ningunha empresa que o vaia a facer.

Intervén o sr. Blanco Montero (PSOE) resaltando a importancia deste proxecto.

Intervén a sra. Nogueada Marzoa (AV) dicindo que concorda coa importancia do proxecto.



2º) A sra. Pardo Fafián pregunta sobre o permiso da orquestra “Panorama” de tocar ata as 5 da mañán nas festas de Mosteirón, e remarca que non tivo acceso á petición, e que se lle contestou por escrito que o permiso non existe.

3º) Continúa a sra Pardo Fafián (PSOE) remitíndose ás preguntas formuladas no pleno anterior sobre as festas de Mosteirón, referíndose ao SEM, e pregunta sobre a responsabilidade de que o SEM e a Policía Local non estiveran presentes nas festas.

Responde a sra. Taibo Fernández (SM) remitíndose ao dito no pleno anterior.

4º) Pregunta a sra Pardo Fafián (PSOE) sobre un escrito presentado o 4 de agosto do xefe accidental da policía local no que se solicitaba un recoñecemento por un acto de servizo encomiable de varios axentes e a proposición para recibir un distintivo de permanencia para os axentes que cumpren máis de 25 anos de servizo, e preguntas por qué non se lles deu traslado de ese escrito ó grupo de goberno.

O sr .alcalde di que non ten coñecemento deste escrito.

5ª) A sra. Pardo Fafián (PSOE) pregunta sobre a situación de Riovao 62A, e cando se vai a acometer o expediente de execución da obra.

Responde o sr. alcalde dicindo que se vai iniciar o procedemento de execución subsidiaria.

6º) A sra. Pardo Fafián (PSOE) pregunta sobre se o sr. alcalde falou cun funcionario sobre a ocultación de documentación e a posibilidade de que antes de acudir ao xulgado se proceda a abrir o expediente correspondente.

O sr. alcalde di que non falou co funcionario en cuestión sobre ese tema.

7º) O sr. Tellado Villares (PP) formula un rogo sobre a falta de sinalización para a distinción dunhas prazas de aparcamento privadas e públicas.

8º) Formula unha pregunta o sr. Tellado Villares (PP) remitíndose ao pleno anterior sobre se se realizou algún acto de análise das augas das fontes.

O sr. alcalde responde que se pediu un orzamento pero non se fixo a proposta de gasto.

9º) Pregunta o sr. Tellado Villares (PP) sobre a no contestación dunha petición de informes sobre o colector de pluviais de Sada y sus Contornos.

Responde o sr. Fariña Andrade (SM) dicindo que cría que se lle facilitara esa información.

10º) Pregunta a sra. García Freire (PP) sobre a auga sucia que sae das billas.

Responde o sr. alcalde que se producen por problemas na planta da Telva ou no depósito de Espírito Santo. E que non ten constancia que neste mes houbera algunha incidencia relacionada ca auga.

11º) Pregunta a sra. García Freire sobre cando vai facilitar unha zona apta para o baño no centro de Sada, que comenta que xa fixo esta pregunta en plenos anteriores.

Responde o sr. Alcalde que é posible, sen estar definidos, cando se entregue o proxecto de rexeneración ambiental do río.

12º) A sra. García Freire (PP) pregunta polo coidado da praia de Morazón, e de se vai adoptar medidas para melloralas.

Responde o sr. alcalde, dicindo que comparten descontentos coa actuación da demarcación de costas, comentando que se lles requiriu o día do desprendemento. Comenta tamén a precaución coa tala dos eucaliptos da zona, dado que as raíces dos mesmos tamén poden controlar que non haxa desprendementos.

13º) A sra. Salorio Porral (PP) pregunta sobre a situación do servizo de axuda a domicilio, debido a que lle chegaron noticias sobre a marcha de varios traballadores.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G010/000012

Responde o sr. alcalde que houbo un requirimento por un problema de incumprimento, que houbo novas altas na empresa, aínda que reflicte que esas melloras son insuficientes.

14º) A sra. Salorio Porral (PP) roga sobre a situación da urbanización de Riovao, referíndose ao dito pola sra. Pardo Fafián (PSOE), reiterando a petición, dado que di que non se lles facilitou, dun informe do TAX do ano 2013 relativo a dita urbanización. Roga iniciar o expediente de execución do aval, e a execución subsidiaria das obras de reparación dos defectos de dita urbanización con cargo ao aval executado.

Responde o sr. alcalde que descoñece o informe do TAX do ano 2013.

15º) O sr. García Cotelo (PP) pregunta sobre a situación da pista de patinaxe e sobre a piscina municipal.

Responde a sra. Nogareda Marzoa (AV) que a pista non está nas condicións óptimas e anima ao Grupo municipal do Partido Popular a pedir información sobre o expediente. Explica o proceso, resaltando a perda de organización de dúas competicións, concretamente nos meses de abril e setembro. Tamén resalta o feito de que se puxo en contacto coa enxeñeira do concello *do lado*, para que puidera facer o proxecto mediante un acordo de colaboración entre concellos. Tamén cita un informe de secretaría que reflicte que se se demostra que o director de obra non velou polos intereses do Concello como debe de ser, debería de abrírselle un expediente e impoñerlle penalidades á empresa contratista. En relación coa piscina tamén di que non se fixo ningún mantemento hai anos.

Responde o sr. alcalde a que a piscina está en proceso de solución. Con respecto á pista de patinaxe, di que se lle requiriu á empresa que emendara pista, e non a emendou, sinalando o feito de que quedou peor. Sinala que se terá que abrir un expediente de penalidades e licitar o proxecto enteiro. Sinala o feito de que a enxeñeira de Oleiros foi ver a pista cunha empresa especializada.

Precisa a sra. Nogareda Marzoa (AV) que falou coa enxeñeira sobre a posibilidade de que ca pintura especial quedaría nivelada zonas da pista, e o técnico da pintura contestoulle que non, que habería que puír a superficie, e tamén lle deu o dato a enxeñeira de que non coñecían empresas que o fixeran. Preguntou tamén a sra. Nogareda Marzoa (AV) sobre a posibilidade de que a empresa contratista realizara o pulido, sendo a resposta negativa. Remata dicindo que se se levanta a pista e se asfalta, non habería que realizar o puído.

Intervén o sr. alcalde dicindo que a empresa de pintura especializada acudiu para poder emendar as deficiencias da pista, pero di que parece ser que non.

16º) O sr. García Cotelo (PP) fai unha exposición de motivos sobre os seus rogos, apoiándose en varias imaxes. A continuación roga sobre a limpeza dunha propiedade localizada no lugar de Souto da igrexa, en Meirás; roga tamén sobre que se mellore o estado viario de Meirás, resaltando a colocación dun espello e solicitando o arranxo da estrada da Deputación. Roga tamén que se axilice a construción de beirarrúas en Meirás. Tamén roga a retirada do dispensador de xel hidroalcohólico debido a que obstaculiza a entrada do camiión da orquestra.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 4 minutos do día xoves 25 de agosto do 2022, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.